

vieIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

IV ENTREGA DA SERIE 'GALIZA, MULLERES POETAS'

A poesía de Ana Romaní en 'The Barcelona Review'

The Barcelona Review, revista de narrativa breve contemporánea, que tamén acolle outros xéneros literarios como a poesía, publica no seu número 46 (xaneiro-febreiro) a [cuarta entrega](#) de "Galiza, mulleres poetas", na que ofrece aos seus lectores unha pequena selección da poesía de Ana Romaní en galego e con tradución ao español da propia autora. Informa **Judit Amazares**, editora de poesía de [The Barcelona Review en español](#).

- 09:18 25/01/2005

A serie, que comezou coa publicación da poesía de Chus Pato e María do Cebreiro (*The Barcelona Review 43*), continuou coa obra de Emma Couceiro e Cristal Méndez (*The Barcelona Review 44*) e contou con Marta Dacosta e mais Estibaliz Espinosa no número anterior (*The Barcelona Review 45*).

[Ana Romaní](#), Noia (A Coruña), 1962. Escritora e periodista. Locutora na Radio Galega. Desde hai trece anos dirixe o programa *Diario Cultural* de emisión diaria. Publica os poemarios *Palabra de Mar* (Ed. Espiral Maior, 1987), *Das ultimas mareas* (Ed. Espiral Maior, 1994), *Arden* (Ed. Espiral Maior, 1998), o conto *Marmelada de amoras* (Nova 33, 1997), e *Antoloxía de Anton Avilés de Taramancos* (Ed Galaxia, 2003). Coordenou o volume de relatos *Narradio. 56 historias no ar* (Ed Xerais, 2003) promovido polo *Diario Cultural* da Radio Galega. A súa obra está recollida en diferentes antoloxías e libros colectivos. Participou en distintos proxectos artísticos, entre eles "O Son da Pedra" de Milladoiro, "Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once poetas galegas" da Fundación Rosalía de Castro, "Son Delas" coordinado por Uxía Senlle. "Lob@s" (1998) con Anton Lopo, "Estalactitas" (2002) con Anxos Romeo e Lupe Gómez, "Castro poetas suicidas. Intervención poetica contra a levidade" (2002) en solitario e "A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos" con Anxo Quintela.